



O PSdeG esixe que o PP censure as declaracións do alcalde de Barreiros: “As feministas son feministas ata que casan”

Os socialistas lamentan as “máis que desafortunadas” afirmacións do alcalde, Alfonso Fuente, no pleno do Concello, “que retratan o seu machismo e fanatismo intolerante”. O rexedor afirmou, tras rexeitar unha moción contra o repago nos comedores, que “os comunistas deixan de ser comunistas cando teñen cartos, as feministas deixan de ser feministas cando casan e os ateos deixan de ser ateos cando cae o avión no que viaxan”

O grupo municipal socialista de Barreiros esixe que o PP censure as declaracións do alcalde de Barreiros, Alfonso Fuente, e que este pida disculpas despois dunha “máis que desafortunada” afirmación no último pleno municipal, no que asegurou que “os comunistas deixan de ser comunistas cando teñen cartos, as feministas deixan de ser feministas cando casan e os ateos deixan de ser ateos cando cae o avión no que viaxan”.

Esta frase foi parte da resposta do alcalde ao PSdeG e o BNG despois de defender o seu voto en contra a unha moción para a supresión do repago nos comedores escolares, para o que argumentou que non é xusto que os seus fillos non paguen polo comedor, equiparándoos a outras familias que teñen menos cartos. Foi nese momento no que sacou o tema do “comunismo”.

A socialista Carmen Veiga lamenta as afirmacións, “que retratan o seu machismo e fanatismo intolerante, cunha falta de respecto absoluta polos que non comparten as súas ideas”, e denuncia asimesmo que a secretaria do Concello non reflectiu na acta a afirmación, a pesar das protestas despois de que unha representante do BNG esixise que o rexedor se retractase. “O despotismo e o desprezo co que actúan moitos alcaldes do PP nos seus municipios é intolerable, cren que o pobo é seu e que son invulnerables”, lamenta Veiga.

Barreiros, 15 de abril de 2013